

# OllOs

## de aula

ANO I - Nº 5 - Marzo 2013

Revista para as familias do alumnado



Como reaccionar  
ante os suspensos  
dos nosos fillos/as?

5 claves para  
entender o  
plurilingüismo


Aprobar ou  
aprender




Queres poñer un  
 enderezo web  
 nalgún lugar e é  
 longo de máis?  
 Podes acurtalo  
 empregando  
[www.ir.gl](http://www.ir.gl)




A Galipedia (a  
 Wikipedia en  
 galego) cumpre 10  
 anos. Botou a andar o  
 8 de marzo de 2003  
 e ten agora preto de  
 100000 artigos.



Ata o 21 de marzo está  
 aberto o prazo para a  
 solicitude de praza nas  
 escolas infantís da rede  
 Galiña Azul. Pódese ver  
 toda a información en  
[www.escolasinfantis.net](http://www.escolasinfantis.net)



Visita [www.botons.eu](http://www.botons.eu), unha  
 magnífica web dirixida a toda  
 a comunidade educativa e,  
 dun xeito moi especial, a nais  
 e pais.



Atención! Este ano  
 cambian os criterios  
 de puntuación para  
 a admisión de novos  
 alumnos/as nos centros  
 de ensino. O prazo de  
 solicitude parece que se  
 vai retrasar á primeira  
 quincena de abril. Toda  
 a información en [http://  
 ir.gl/6f900e](http://ir.gl/6f900e)



Xa podes poñer o  
 Twitter en galego.  
 Vai a axustes ou  
 configuracións e  
 selecciona a nosa  
 lingua entre as 35  
 dispoñibles.

# A pregunta

Como reaccionar ante os suspensos

dos nosos fillos/as?



Responde: Felicidad Barreiro Fernández

[Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago]

A forma na que as nais e os pais reaccionamos ante as baixas cualificacións dos nosos fillos ten importancia. Debemos escoitalos e apoialos cando fracasan, especialmente cando sabemos que houbo esforzo pola súa parte, animémoslos a seguir traballando.

A investigación demostrou a importancia que teñen as atribucións que os estudantes realizan dos seus éxitos e fracasos, xa que o alumnado que habitualmente acadaba os resultados académicos adoita achacar o seu rendemento nos exames ao seu esforzo persoal, mentres que os peores estudantes consideran que o aprobar depende da boa sorte e o suspenso da súa escasa capacidade.

Se un rapaz pensa que non ten capacidade para os estudos, non vai mostrar interese por estudar, posto que considerará que as horas que dedica ao estudo non van ter moita influencia sobre o seu rendemento nos exames. Por iso, os pais debemos escoitar as razóns que os nosos fillos e fillas dan acerca dos seus suspensos.

É importante que o noso fillo considere que o fracaso se debeu á falta de esforzo suficiente, xa que, desta forma, a próxima vez procurará traballar con máis afán. Se lle quita importancia ao feito de suspender ou afirma que o fracaso é debido ao profesor, é menos probable que aumente a súa dedicación ao estudo.

En calquera caso, ademais de escoitar aos nosos fillos, deberíamos falar co seu titor para obter información sobre o baixo rendemento acadado.



# 5 claves para entender o plurilingüismo

José Manuel Vez Jeremías

Catedrático e profesor da Área de Didáctica da Lingua e da Literatura da Universidade de Santiago  
Director do Observatorio *Atrium Linguarum*


Unha sociedade multilingüe é un modelo de plurilingüismo? Non, porque o multilingüismo é un fenómeno social e o plurilingüismo é unha característica individual. Non todas as linguas dispoñen do termo 'plurilingüismo' para marcar este feito distintivo. Debemos falar, pois, de 'persoas plurilingües' e de 'sociedades multilingües'.

1.- Na **definición** incluída no *Marco europeo común de referencia para as linguas* [<http://ir.gll/bf5bd2>] márcase a énfase sobre:

- a) a persoa coma individuo/usuario nunha sociedade multilingüe que emprega un repertorio de linguas en función dun propósito;
- b) a natureza psicolóxica deste repertorio, que non é unha ampliación de linguas almacenadas en colectores separados senón unha intrincada rede de transferencias.

2.- A **interpretación** na *Guía para o desenvolvemento de políticas lingüísticas educativas en Europa. Da diversidade lingüística á educación plurilingüe* [<http://ir.gll/5ab160>] clarifica:

- a) o *plurilingüismo* é cambiante e dinámico. Un individuo pode ter competencias de diferente nivel en varias linguas nun intre determinado e noutro as cousas poden cambiar;
- b) o *plurilingüismo* non é *estraño*; vivir xogando coa capacidade de alterancia e mestura de linguas é o máis normal no mundo.



3.- O plurilingüe tende a ser un **individuo con boas actitudes e competencias interculturais**. Comprende mellor e participa máis doutros puntos de vista, alimenta unha perspectiva crítica sobre as perspectivas dos demais e mantén vivo o desexo de actuar colaborativamente xunto a outras persoas. O plurilingüe ten mellores opcións para ser un cidadán intercultural, tolerante e flexible, aberto ao diálogo entre culturas.

4.- A cuestión non é discutir plurilingüismo si/non, senón que tipo de plurilingüismo queremos conseguir a través do sistema educativo. Na rede galega dos **centros plurilingües** hai que ter en conta:

a) o obxectivo do plurilingüismo non é ensinar contidos curriculares en inglés; é desenvolver unha competencia plurilingüe/intercultural como unha


forma de vivir xuntos. Isto non é posible sen unha toma de conciencia do concepto de 'equidade';

2) o plurilingüismo xamais é excluínte: ou é inclusivo ou non é plurilingüismo. Coa achega do plurilingüismo

global, unha nena sevillana/un neno zamorano incorpora á súa competencia existencial as dúas linguas coa máis alta '*estima*' (inglés/español). O seu capital de conciencia lingüística é diferente ao dunha nena galega/un neno vasco. Estes últimos han de incorporar as dúas linguas de prestixio a unha lingua propia, ambiental e oficial, que está en relación asimétrica. A lingua *vehicular* franca non pode impoñerse como factor de integración global esquecendo as linguas *vinculares* da cidadanía.

### 5- Familias e alumnos antepoñen os resultados en inglés aos doutras linguas.

É preciso reflexionar sobre a diversidade como peza clave na construción dunha cidadanía plurilingüe e intercultural: a lingua vehicular global pode non respectar as linguas vinculares cotiás debido ás relacións asimétricas entre linguas con gran/menor estima.



# Palabras do ensino

Lines Salgado

{APROBAR ou APRENDER? [2]} Falabamos no número anterior que aprobar e

aprender non son a mesma cousa. Se lembrades, dicíamos que aprobar era obter unha cualificación de aprobado nunha materia ou nun exame e que aprender, aínda que puidese parecer o mesmo, era unha cousa ben diferente.



Aprender é adquirir o coñecemento de algo por medio do estudo. Para aprender, temos que ter un dicionario ao noso carón cando estudamos e consultar todas as palabras que non comprendemos. Temos que ler toda a lección, non só os apartados máis importantes. Temos tamén que ir lendo os libros de lectura con calma, reflexionando sobre eles, tratando de comprender o argumento e as reaccións dos personaxes. E tampouco estaría mal facer unha pequena ficha de cada libro. Así practicabamos os resumos. Para aprender debemos intentar relacionar as cousas das diferentes materias entre si, e non poñer muros infranqueables entre o que é de lingua, o que é de matemáticas ou o que é de inglés. Para aprender debemos pasar tempo intentando descubrir como se resolve un problema que se nos atravesou. Para aprender temos que revisar os erros e corruxilos. Temos que refacer as láminas de plástico ata que saian ben, ou volver presentar os traballos que quixemos facer “atalleiramente”. Para aprender, sobre todo, temos que ser curiosos e non conformarnos cos mínimos.

E non esquezamos que todo isto é para algo, porque... que médicos, pescadores, condutores, avogados, fontaneiros ou veterinarios queremos que nos atendan no futuro? Os que aprobaron ou os que aprenderon?

# CADENCIAS

Gracia Santorum

## Para escoitar

*A nena e o grilo nun barquiño* de Magin Blanco [Fol Música]. Música pop moi pegadiza acompañada de fermosas ilustracións de Leandro Lamas xunto con pequenas historias orixinais que nos levarán a unha viaxe apaixonante, ao mesmo tempo que estimula a curiosidade e a creatividade posto que nos ofrece actividades interactivas para pintar, escribir e debuxar.



## Para ler

*O carballo con botas* de Anxo Moure [Sotelo Blanco]. Un libro para que os máis pequenos e pequenas entendan a importancia de coidar o medio ambiente, a fascinación da natureza e o perigo dos incendios, que destrúen todo canto é de noso. Pero un libro que tamén afonda na crueza da guerra e da soidade. E sobre todo, no medio da destrución, do lixo, do vello... sempre xorde a esperanza, a vida, o futuro. E se os bosques teñen árbores, nós teremos contos. Que sería do ser humano sen os contos?



## Para visitar

**A fervenza do Ézaro e o monte Pindo.**  
Din que é o Xallas o único río de Europa que desemboca en forma de fervenza sobre o mar. Sexa ou non sexa así, ningún galego nin galega debería deixar de visitar esta marabilla da natureza, un desnivel de 155 metros e unha altura de 40 metros para vermos o inmenso mar sentindo que o ser humano, aínda que é quen de destruír a natureza, segue sendo moi pequeno ao seu carón. Á esquerda, unha mole granítica de formas encristadas e caprichosas con profundos vales de difícil acceso, 627 metros sobre o nivel do mar, o inmenso monte Pindo.



## Da lingua

# Canto galego saben as nosas fillas e fillos?

Un dos temas clave do ensino actual é a crecente preocupación das familias en torno á capacidade dos nenos e nenas para se comunicaren en varios linguas, nun contorno social e laboral que valora cada vez máis “saber idiomas”. Como nais e pais debemos preocuparnos polo nivel de competencia lingüística que van adquirindo as nosas fillas e fillos durante o ensino obrigatorio, especialmente nas linguas oficiais que define o Estatuto de Autonomía de Galicia, é dicir, galego e castelán. E cando falamos de competencia lingüística estamos falando da capacidade que ten unha persoa para se comunicar sen dificultade nas diversas situacións da vida cotiá, interactuando con outras persoas de modo natural e fluído. Porque comunicarse a través dun idioma implica un conxunto de habilidades sociais que podemos sintetizar na capacidade para entender, ler, escribir e, sobre todo, falar.

En contra do que moitos poderían pensar, no noso contexto, e dada a maioritaria presenza do castelán nos medios de comunicación e nas actividades de consumo e de ocio, debemos preocuparnos, sobre todo, de que as nosas fillas e fillos adquiren a necesaria competencia lingüística en galego. É unha responsabilidade nosa como pais e nais axudarlles a que adquiren esa competencia, pero tamén é unha responsabilidade nosa esixirlle a Administración, aos centros de ensino (e ao seu profesorado) que os rapaces e rapazas rematen a etapa do ensino obrigatorio sabendo expresarse correctamente na lingua propia de Galicia.

